

PROGRAMACIÓN

PLÁSTICA

6º CURSO

Carlos Lombao Gómez

CEIP Plurilingüe Virxe do Portal

Curso académico 2022-2023

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.	3
2.	AS COMPETENCIAS EDUCATIVAS DO CURRÍCULO.	3
3.	OBXECTIVOS CURRICULARES DA EDUCACIÓN PRIMARIA. 4	
4.	A ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA.	5
5.	CONTIDOS.	6
6.	AVALIACIÓN.	9
6.1.	Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.	9
6.2.	Mínimos esixibles.	17
6.3.	Criterios de cualificación.	17
7.	METODOLOXÍA.	18
8.	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	19
8.1.	A diversidade na aula.	19
8.2.	Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.	21
9.	CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.	21

1. INTRODUCCIÓN.

O CEIP Plurilingüe Virxe do Portal atópase no concello de Sobrado dos Monxes, conta este curso escolar con 2 unidades de Educación Infantil e 3 unidades de Educación Primaria, tratándose de grupos mixtos, cun total de 51 alumnos/as matriculados no centro.

Durante o presente curso escolar participaremos en todas aquelas actividades promovidas polo centro nas que se requira a nosa cooperación (celebracións, biblioteca, saídas, participación en concursos de debuxo etc...).

Ademais, ó tratarse de un centro plurilingüe, a materia de plástica dos cursos de Educación Primaria ensínase en inglés.

2. AS COMPETENCIAS EDUCATIVAS DO CURRÍCULO.

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, este real decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, que han de supoñer un importante cambio nas tarefas que han de resolver os alumnos e formulacións metodolóxicas innovadoras. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Contémplanse, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, pódense desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais.

Adóptase entón a denominación das competencias crave definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. Identifícanse sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o

crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha de elas.

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

3. OBXECTIVOS CURRICULARES DA EDUCACIÓN PRIMARIA.

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con eles, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, si houbera, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións

elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

4. A ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA.

A área de Educación Artística dividiuse en dúas partes: a Educación Plástica e a Educación Musical, atendendo ao estudo das dúas linguaxes propios de cada un destes ámbitos. Á súa vez, cada un deles se subdivide en tres bloques, que aínda estando relacionados entre si manteñen certas diferenzas co resto. Non entanto, no seu desenvolvemento metodolóxico o docente poderá abordar de xeito conxunto os diferentes bloques.

Bloques da Educación Plástica:

- Bloque 1. Educación audiovisual.
- Bloque 2. Educación artística.
- Bloque 3. Debuxo xeométrico.

5. CONTIDOS.

Bloque 1. Educación audiovisual.

- B1.1. Indagación e apreciación das posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do contexto próximo.
- B1.2. O contexto natural, artificial e artístico: posibilidades plásticas dos elementos naturais e o seu uso con fins expresivos.
- B1.3. Elaboración de protocolos para a observación sistemática de aspectos, calidades e características notorias e sutís das imaxes.
- B1.4. Indagación sobre o uso artístico dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para o traballo con fotografías.
- B1.5. Documentación sobre a evolución da fotografía e valoración das posibilidades do formato dixital actual.
- B1.6. Valoración do cine de animación como ferramenta de aprendizaxe.
- B1.7. Secuenciación dunha historia, unha novela e unha canción, con imaxes e textos explicativos.
- B1.8. Elaboración de carteis aplicando coñecementos plásticos e audiovisuais.
- B1.9. Iniciación a sinxelas obras de animación tendo en conta o son, a montaxe, o guión e a realización.
- B1.10. Valoración dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos de coñecemento, produción e satisfacción.
- B1.11. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación para coñecer as manifestacións do patrimonio cultural e artístico dos pobos (autores e autoras, obras e documentación).
- B1.12. Uso intencionado da imaxe como instrumento de comunicación.
- B1.13. A protección de datos. Dereito á propia imaxe.

Bloque 2. A expresión artística.

- B2.1. Aplicación de recursos gráficos para a expresión de emocións, ideas e accións.

- B2.2. Disposición á orixinalidade, a espontaneidade e a plasmación de ideas, sentimentos e vivencias de forma persoal e autónoma, na creación dunha obra artística.
- B2.3. Recreación de espazos, aplicando conceptos artísticos básicos (equilibrio e composición).
- B2.4. Análise das formas de representación de volume.
- B2.5. Elaboración de obxectos tridimensionais con distintos materiais.
- B2.6. Comparación entre as formas que adopta a representación do espazo en diferentes áreas ou ámbitos.
- B2.7. Coñecemento e valoración de identificadores artísticos de diferentes culturas.
- B2.8. Interese por coñecer producións do patrimonio cultural e artístico dos pobos.
- B2.9. Valoración do patrimonio cultural e artístico para a satisfacción con eles e para a súa conservación.
- B2.10. Elaboración de documentos relacionados con obras, creadores e creadoras, e manifestacións artísticas.
- B2.11. Emprego dos medios audiovisuais e novas tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño, animación e difusión dos traballos elaborados.
- B2.12. Preparación de documentos propios da comunicación artística.
- B2.13. Elaboración de producións plásticas utilizando técnicas mixtas, elixindo as técnicas, os instrumentos e os materiais de acordo coas súas características e coa súa finalidade.
- B2.14. Asunción de responsabilidade no traballo propio (constancia e esixencia progresiva) e no traballo cooperativo (respecto polas achegas e as disposicións das demais persoas).
- B2.15. Realización individual ou en grupo, con establecemento de momentos de revisión e de reflexión sobre o proceso seguido.

Bloque 3. Debuxo xeométrico.

- B3.1. Elaboración de composicións plásticas partindo de conceptos xeométricos da

- realidade do alumnado.
- B3.2. Uso da cuadrícula para coñecer e comprender o termo de escala.
- B3.3. Apreciación das posibilidades plásticas e expresivas das estruturas xeométricas.
- B3.4. Construción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.
- B3.5. Uso dos instrumentos básicos do debuxo xeométrico para compor unha creación
- artística partindo dos polígonos elementais.
- B3.6. Exploración e uso adecuado do material de debuxo técnico, coa finalidade de atopar o máis apropiado para o resultado final.

6. AVALIACIÓN.

6.1. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Criterio de avaliación	Estándares	Indicador mínimo de logro	T1	T2	T3	CC
Bloque 1. Educación audiovisual.						
B1.1	EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.	Segue un modelo para explicar as características máis básicas dunha obra.	X	X	X	CCL CCEC CSC
	EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.	Observa imaxes detenidamente para extraer algunha información.	X			CCEC CAA
	EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.	Intúe os pasos e técnicas que foron necesarios para a realización dunha obra.	X			CCEC CAA
	EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.	Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.	X	X	X	CCEC CCL
	EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.	Distingue diferentes formas xeométricas.	X	X	X	CCEC CCL
	EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.	Experimenta con diversos materiais e o efecto que teñen en diferentes soportes.	X	X		CCEC CCL
B1.2	EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).	Describe as características máis básicas dunha imaxe.	X			CCEC CCL

Criterio de avaliación	Estándares	Indicador mínimo de logro	T1	T2	T3	CC
	EPB1.2.2 Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.	Entende a evolución da tecnoloxía e os cambios máis significativos que esta tivo na arte, con especial mención á fotografía.		X		CCEC CCL
	EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía.	Recoñece os temas da fotografía.		X		CCEC CCL
	EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.	Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos tendo en conta o encadre.		X		CCEC CAA CCL
	EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.	Identifica as diferentes etapas necesarias para a creación dunha película de animación.			X	CCEC CCL CAA
	EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.	Elabora un cómic sinxelo.		X	X	CCEC CAA
	EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.	Realiza sinxelas obras de animación.			X	CCEC CAA CD
B1.3	EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e	Utiliza as ferramentas máis básicas dos programas de edición de imaxes.			X	CD CSC

Criterio de avaliación	Estándares	Indicador mínimo de logro	T1	T2	T3	CC
	retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.					
	EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa.	Recoñece o dereito a propiedade intelectual e non utiliza imaxes protexidas nas súas creacións.	X	X	X	CSC CD
Bloque 2. Expresión artística						
B2.1	EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.	Selecciona os materiais e as técnicas que considera mellores para a súa obra.	X	X	X	CCEC CAA
	EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura, etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores, etc.).	Transmite emocións e sensacións diversas coas súas creacións, empregando os recursos máis axeitados en cada caso.	X	X	X	CCEC CAA
	EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.	Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.	X	X		CCEC CAA
	EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.	Utiliza materiais cos que non está familiarizado.		X	X	CAA CCEC
	EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o	Selecciona os recursos acertadamente tendo en conta o resultado que pretende conseguir.	X	X	X	CAA CCEC

Criterio de avaliación	Estándares	Indicador mínimo de logro	T1	T2	T3	CC
	efecto que máis se axuste ás propias necesidades.					
	EPB2.1.6. Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.	Utiliza as características da cor (luz, tono e saturación) nas súas creacións.	X	X		CAA CCEC
	EPB2.1.7. Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.	Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.	X	X	X	CAA CCEC
	EPB2.1.8. Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas.	Comprende a complementariedade das cores e incorpóraa nas súas obras	X			CAA CCEC
	EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón, etc.).	Debuxa conceptos do seu contorno próximo.	X			CCEC CAA
	EPB2.1.10. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.	Describe os seus traballos utilizando a terminoloxía xa aprendida.	X	X	X	CCEC CCL
B2.2	EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	Da sensación de volume empregando o claroscuro.		X	X	CCEC CAA
	EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.	Incorpora o concepto de volume nas súas obras bidimensionais utilizando técnicas simples.	X	X		CCEC CAA

Criterio de avaliación	Estándares	Indicador mínimo de logro	T1	T2	T3	CC
	EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	X	X		CCEC CAA
	EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.	Deseña obras tridimensionais utilizando materiais e técnicas simples.		X	X	CCEC CAA
B2.3	EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.	Identifica algunhas obras moi importantes do patrimonio español.		X		CSC CCEC
	EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.	Amosa interese por observar as coleccións artísticas de museos e exposicións.	X	X	X	CSC CCEC
	EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións.	Identifica profesións relacionadas coa arte.	X	X	X	CSC CCEC
B2.4	EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.	Inspírase en obras atopadas por medio das TIC para a realización das súas creacións.	X	X	X	CD CCEC
	EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar;	Emprega as ferramentas máis básicas de programas de edición de imaxes.			X	CD CCEC

Criterio de avaliación	Estándares	Indicador mínimo de logro	T1	T2	T3	CC
	modificar tamaño, cor, brillo, contraste, etc.) que serven para a ilustración de textos.					
	EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).	Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).			X	CCEC CD
B2.5	EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.	Reflexiona sobre que técnicas utilizar antes, durante e despois da realización dunha obra plástica.	X	X	X	CCEC CAA
	EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.	Coida os materiais que utiliza e traballa con atención á orde e á limpeza.	X	X	X	CSC CCEC
	EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.	Colabora activamente nos traballos en grupo, chegando a acordos e respectando ós seus compañeiros.	X	X	X	CSC CCEC
	EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.	Aмосa interese e participa activamente nas actividades propostas.	X	X	X	CSC CCEC CAA
Bloque 3. Debuxo xeométrico						
B3.1	EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.	Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade.			X	CCEC CAA CMCCT

Criterio de avaliación	Estándares	Indicador mínimo de logro	T1	T2	T3	CC
	EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.	Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.			X	CCEC CAA CMCCT
	EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.	Entende o Sistema Métrico Decimal, particularmente o milímetro e a súa importancia no debuxo técnico.		X	X	CCEC CMCCT
	EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.	Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.			X	CMCCT CCEC
	EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.	Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.			X	CMCCT CCEC
	EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio.	Traza círculos co compás coñecendo o raio.			X	CMCCT CCEC
	EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.	Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais.			X	CMCCT CCEC
	EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.	Debuxa flores e estrelas aplicando a división da circunferencia.			X	CCEC CMCCT CAA
	EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.	Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas).			X	CCEC CAA

Criterio de avaliación	Estándares	Indicador mínimo de logro	T1	T2	T3	CC
	EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.	Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.			X	CMCCT
	EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais.	Realiza un debuxo da realidade utilizando formas xeométricas.			X	CCEC CAA
	EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.	Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.		X	X	CCEC CMCCT
	EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.	Realiza composicións utilizando formas xeométricas.			X	CCEC CMCCT CSIEE
	EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.	Utiliza a cuadrícula para aumentar o diminuir de tamaño un debuxo respectando unha escala determinada.		X	X	CMCCT CCEC
	EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.	Identifica e constrúe os polígonos elementais.			X	CMCCT CCEC
B3.2	EPB3.2.1. Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.	Amosa interese por realizar as actividades correctamente e goza dun traballo ben feito.	X	X	X	CCEC CAA CMCCT

6.2. Mínimos esixibles.

Para superar a materia, o alumnado deberá ser quen de:

- Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.
- Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.
- Iniciarse no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente.

6.3. Criterios de cualificación.

O curso escolar estará dividido en tres trimestres diferenciados. Ao final de cada trimestre se lles entregará ás familias un boletín informativo que atendendo ao disposto na Orde do 9 de xuño de 2016 de avaliación de educación primaria, terán que reflectir en notas numéricas os resultados obtidos polos alumnos. Para iso, terase en conta o seguinte:

- Actividades e creacións plásticas: 60%.
- Actitude durante a clase (que será avaliada por medio da seguinte rúbrica): 40%.

COMPORTAMENTO	ATENCIÓN	IMPLICACIÓN
5 ptos: amosa sempre un comportamento axeitado e case nunca causa problemas ou distrae a compañeiros. Respecta sempre as normas de clase.	5 ptos: sempre presta atención durante a clase e amosa unha moi boa actitude cara o aprendizaxe. escoita activamente e distráese moi pouco.	5 ptos: completa sempre as tarefas e actividades diarias con corrección e adecuación, no tempo establecido.
4 ptos: o comportamento habitual é apropiado e	4 ptos: a atención é constante durante a	4 ptos: completa as tarefas e actividades a

amosa poucas desviacións, que ocorren de forma moi ocasional. Distrae poucas veces e respecta habitualmente as normas de clase.	meirande parte das clases e a súa actitude cara o aprendizaxe é boa. Distráese algo pero fai esforzo por escoitar.	maioría das clases con corrección e adecuación, aínda que algunhas veces se retrasa.
3 ptos: o comportamento adoita ser axeitado pero amosa bastantes desviacións. Distrae algunhas veces e respecta as normas algunhas veces.	3 ptos: presta atención unha parte das clases e distráese bastante. A súa actitude cara o aprendizaxe é mellorable.	3 ptos: completa as tarefas e actividades bastantes veces con corrección e adecuación mellorables. Adoita tardar en rematalas.
2 ptos: non se comporta ben a meirande parte do tempo. Ocasiona moitas distraccións para os compañeiros e case nunca respecta as normas.	2 ptos: a súa atención só e ocasional ou cando está motivado/a. Amosa unha actitude cara o aprendizaxe regular.	2 ptos: completa as tarefas e actividades poucas veces e amosa unha corrección e adecuación limitadas. Non se esforza para terminalas a tempo.
1 pto: case nunca amosa un bo comportamento e amosa moitas condutas disruptivas. Só respecta ocasionalmente algunha norma.	1 pto: non presta atención nunca ou case nunca e non amosa ningunha motivación intrínseca. A actitude cara o aprendizaxe é mala.	1 pto: case nunca completa as tarefas e actividades. Non amosa un mínimo interese para realizalas.

7. METODOLOXÍA.

Debido a que nos encontramos nun centro plurilingüe, o ensino desta materia realizarase utilizando o inglés como lingua vehicular das clases. Con todo, non se trata unicamente de traducir ás actividades do español ó inglés, senón que hai que redeseñar completamente as actividades de forma que o idioma non supoña ningún impedimento para a súa correcta realización.

Para iso utilizarase a metodoloxía AICLE (Aprendizaxe Integrado de Contidos en Linguas Estranxeiras), que é un enfoque dual no cal unha lingua estranxeira é empregada para o ensino simultáneo de contidos e linguas. Algunhas das características básicas desta metodoloxía son as seguintes:

- Medio de ensino: utilízase un idioma que non é nativo para o alumnado.
- Cooperación: o profesorado especialista na lingua estranxeira debe colaborar co profesorado titor para conseguir unha educación interdisciplinar.
- Integración: o aprendizaxe de idiomas ten lugar nunha área ou materia non lingüística, para o que se utiliza apoio visual, experimentos e actividades manipulativas.

Por outro lado, tendo en conta o modelo 4Cs de Coyle, toda clase que se apoie nesta metodoloxía debe combinar os seguintes elementos:

- Contido: o alumnado debe progresar no seu coñecemento da área curricular obxecto do ensino.
- Comunicación: utilizar a lingua estranxeira para aprender de igual forma que se aprende a usar a mesma lingua.
- Cognición: o alumnado debe desenvolver destrezas cognitivas que vinculan a formación e o entendemento de conceptos a través da lingua estranxeira.
- Cultura: o alumnado debe entender a súa propia cultura e a súa relación con outras, particularmente a cultura dos países que teñen como oficial a lingua estranxeira.

Tendo en conta isto último, é preciso destacar que a cultura será un compoñente moi importante da miña metodoloxía. Deste xeito, unha maioría de actividades tratarán diversos conceptos da cultura anglosaxona, o que enriquece significativamente a aprendizaxe do alumnado.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

8.1. A diversidade na aula.

O ensino debe estar en consonancia cos procesos de aprendizaxe do alumnado. Non todos os alumnos e alumnas aprenden da mesma forma nin coa mesma rapidez. Non todos teñen as mesmas habilidades, nin parten de mundos iguais, nin posúen os mesmos coñecementos previos, etc.

É necesario, polo tanto, prestarlle atención a esta diversidade se se pretende que todo o alumnado se vexa inmerso nun proceso de ensinanza-aprendizaxe adecuado ás súas características. Ninguén deberá sentir que non avanza todo o que pode, polo tanto, atenderase constantemente a estas diferenzas presentando as actividades de forma diversa, modificándoas ou mesmo facéndoas desaparecer e creando outras máis oportunas. O profesorado deberá ser consciente en todo momento desas diferenzas, non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e de planificar o proceso de ensinanza.

O noso proxecto ten en conta aqueles casos nos que o progreso dalgúns dos nosos alumnos non responda ós obxectivos que se programaron, así coma os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese para realizar as actividades.

A concepción da escola como grupo humano implica a aceptación da diversidade de alumnos/as que, como parte dela, integran e enriquecen a labor educativa. Esta aceptación da diversidade do alumnado supón por parte dos mestres e mestras unha análise e unha reflexión sobre o seu grupo de alumnos/as aceptando que cada un deles ten os seus propio intereses, capacidades e necesidades.

Faise, polo tanto, necesario por parte dos educadores a adopción e utilización de estratexias efectivas que garantan atención á diversidade do aula. Estratexias tales como:

- Modificación dos tempos nas actividades de aprendizaxe, adaptándose aos ritmos indicados de cada alumno/a.
- Adecuación da axuda pedagóxica, valorando os resultados que se vaian obtendo nos procesos de avaliación.
- Axeitar a metodoloxía ás diferentes necesidades do momento.
- Adecuación de cada unha das actividades ás diferencias individuais do alumnado do aula.

Esta programación pretende adaptarse ás necesidades individuais dun grupo relativamente numeroso, por iso se deseñou cun carácter aberto e flexible que

nos permite cunha mesma actividade se realice de diferentes formas segundo as diferenzas individuais de cada neno.

8.2. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Se ben quedou claro que cada un dos alumnos que forman o grupo aula son susceptibles dunha ensinanza individualizada, e que presentarán, sen ningún lugar a dúbidas, características propias que deberemos ter en conta en cada momento, non todos os alumnos adquiren do mesmo xeito nin a mesma velocidade os contidos polo que, nos materiais curriculares desenvólvese un proceso continuo de reciclaxe e de revisión dos contidos.

Por outra parte os contidos básicos do proxecto repítense en contextos e situacións diferentes; isto permite que, sen perder nin a motivación nin o interese, se estean realizando tarefas diferentes ás propostas anteriormente, aínda que inclúan conceptos e procedementos xa traballados.

9. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Esta programación será obxecto de revisión con carácter sistemático para observar os posibles cambios que serían perceptivos durante o desenvolvemento da mesma.

De maneira trimestral revisaremos o grado de consecución dos obxectivos e a evolución da mesma.